

Convocatoria 2025 — 2026

Aprender do bosque

Proxecto Reverdecer



Centro
de Arte
FMJJ



Aprender do bosque enmárcase dentro do proxecto cultural multidisciplinario (científico/artístico/social) **Reverdecer**, cuxo tema troncal é a ecofisioloxía vexetal e a súa achega á conservación da biodiversidade nos bosques e especies endémicas que necesitan unha resposta sostible ao cambio climático. O proxecto busca establecer unha conexión sólida entre a investigación científica, a arte e a divulgación, co obxectivo de salientar a importancia de conservar a biodiversidade nos bosques autóctonos.

As actuacións desenvolveranse no marco do proxecto colaborativo entre o Centro de Arte Fundación María José Jove e o Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo e AGACAL.

A proposta subliña a importancia de integrar prácticas artísticas contemporáneas nas problemáticas ambientais actuais e na preservación dos ecosistemas en risco de extinción. Nesta liña, traballamos con Ximena Garrido-Lecca, quen desenvolve un proxecto en que relaciona a súa práctica artística coa ecofisioloxía vexetal.

Neste marco, abrimos unha **convocatoria pública dirixida a centros educativos de Galicia** para participar nun proxecto colaborativo, durante este **curso escolar 2025-2026**, que une arte, ciencia e mediación cultural, co obxectivo de recuperar hábitats naturais e favorecer a biodiversidade.

Ofreceranse as ferramentas para crear pequenas parcelas arborizadas con especies autóctonas (carballo, bidueiro, castiñeiro e sobreira), co fin de fomentar o coñecemento da importancia destas nos ecosistemas forestais.

As escolas seleccionadas comprometeranse a dispoñer dun terreo adecuado, plantar, coidar o bosque ao longo do tempo e activar o proxecto a través de redes locais de colaboración con asociacións ecoloxistas, comunidades de montes, concellos e outros axentes do territorio.

Esta proposta promove o achegamento ao concepto de **intelixencia vexetal** como modelo de sostibilidade e resiliencia, e ofrece á comunidade educativa ferramentas para comprender os mecanismos ecolóxicos das plantas e a súa función esencial na regulación dos ecosistemas.

Que é Aprender do bosque?

Aprender do bosque é un programa educativo e comunitario do Centro de Arte Fundación María José Jove. A edición toma como eixe a **ecofisioloxía vexetal**: como as plantas «escoitan» a súa contorna, responden ao estrés climático e colaboran con outras especies para sobrevivir, xerando redes resilientes e sostíbeles.

Aprender do bosque propón establecer unha relación continua e práctica cun ecosistema vivo que evoluciona xunto coa comunidade escolar. O bosque actúa como un exemplo real dos procesos naturais de interdependencia e colaboración entre especies, e mostra como se adaptan e apoian mutuamente para afrontar cambios ambientais. Contar cun bosque no centro educativo facilita o desenvolvemento de competencias ecolóxicas desde idades temperás, promove a responsabilidade compartida no coidado e xera un espazo para reflexionar sobre o presente e o futuro dos ecosistemas locais.

Para iso, deseñamos un kit que contén unha selección de **especies arbóreas autóctonas** con distintas características ecofisiolóxicas, como o crecemento rápido do bidueiro fronte á lentitude da sobreira ou a presenza de froitos visibles en varias delas —por exemplo, castañas ou landras—, que fan posible seguir de forma tanxible o ciclo reprodutivo das plantas. Estas diferenzas ofrecen unha oportunidade para observar, comparar procesos e comprender os ritmos do tempo vexetal. Ademais, o kit inclúe un protocolo de observación do bosque deseñado xunto a Ximena Garrido-Lecca. Promóvese así un coñecemento relacional e situado sobre a biodiversidade e as estratexias que sosteñen a vida.

Desde unha mirada artística e pedagóxica, o proxecto ofrece ferramentas para **espertar a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade** arredor do vexetal.

A convocatoria enmárcase na liña de traballo de arte e escola da Área de Educación e Mediación, para promover unha cultura sensible ao territorio e ao dereito a imaxinar paisaxes futuras posibles.

A quen vai dirixida esta convocatoria?

A centros educativos de Galicia interesados en:

- Desenvolver un proxecto de aula ou centro arredor da plantación, a activación e o coidado dun **bosque autóctono**, nas súas inmediacións ou nun espazo acordado coa comunidade local.
- Incorporar unha mirada sensible, crítica e situada respecto do traballo sobre medio ambiente, ecoloxía e cambio climático.
- Articular redes de colaboración comunitaria.

Que ofrece o proxecto?

- **Kit de plantas novas de especies autóctonas:** carballo, castiñeiro, bi-dueiro e sobreira.
- **Material educativo cun enfoque ecosocial**, que inclúe:
Glosario de plantas.
Información sobre as especies.
Datos ecofisiolóxicos por especie.
Protocolo de observación do bosque deseñado xunto a Ximena Garri-do-Lecca.
- **Xornada de formación presencial para a comunidade educativa** antes de iniciar a plantación, a cargo do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo.
- **Acompañamento técnico** na planificación da plantación.
- **Acompañamento durante todo o proceso** por parte da Área de Educación e Mediación do Centro de Arte Fundación María José Jove.

Que se espera dos centros participantes?

- **Compromiso co coidado e seguimento** do bosque.
- **Activación dunha rede local de apoio** que inclúa entidades como asociacións ecoloxistas, concellos, comunidades de montes, colectivos veciñais ou culturais.
- **Integración** dos contidos proporcionados no kit, vinculados á ecofisioloxía vexetal, o cambio climático e a rexeneración ecolóxica, desde unha perspectiva sensible, creativa e situada.

En que consiste o acompañamento que se ofrece?

- **Acompañamento técnico** na planificación da plantación: consiste nunha asesoría antes da plantación. Segundo a zona e o terreo en que estea situado o centro educativo, recomendaremos unhas pautas para seguir.
- **Xornada de formación presencial para a comunidade educativa** antes de iniciar a plantación: a xornada terá lugar no Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo, onde se revisarán os materiais que contén o kit e terá lugar unha formación práctica sobre plantación das especies.
- **Acompañamento durante todo o proceso** por parte da Área de Educación e Mediación do Centro de Arte Fundación María José Jove: consiste no mantemento dun contacto constante cos centros seleccionados, co fin de resolver posibles dúbidas que poidan xurdir durante o proxecto e facilitar o desenvolvemento da proposta. Planificaranse visitas aos centros para observar e acompañar o proceso, aínda que a execución do programa é responsabilidade da comunidade educativa.

Como participar?

Os centros interesados deberán inscribirse aquí entre o **18 de setembro e o 17 de outubro de 2025**.

Arquivos que se deben incluír:

- Descrición breve do centro educativo e o seu contexto.
- Motivación para sumarse ao proxecto.
- Cartas de compromiso de colaboracións ou alianzas locais previstas, se as houbese.
- Espazo proposto para a plantación e a súa adecuación.

Criterios de selección

1. **Espazo.** É requisito indispensable para a selección que o centro educativo conte cun terreo de 800 m², xa sexa na propia escola ou nun lugar próximo. Se non conta con este espazo, o centro pode buscar o terreo a través das redes da súa contorna.
2. Valoraranse positivamente aqueles centros educativos cuxo proxecto anual de centro estea vinculado ao medio ambiente e á conciencia ecolóxica.
3. **Compromiso sostido.** Valorarase a participación activa do centro en accións de seguimento ecolóxico, apertura comunitaria e activación creativa.
4. **Rede colaborativa.** O centro debe implicarse na construción de alianzas significativas coa súa contorna (social, ecolóxica ou institucional) para garantir o acompañamento do bosque a longo prazo.

Calendario

- **Apertura da convocatoria:** 18 de setembro de 2025.
- **Peche da recepción de solicitudes:** 17 de outubro de 2025.
- **Notificación aos centros seleccionados:** 24 de outubro de 2025.
- **Encontro presencial no CFEA-Guísamo:** novembro, data por determinar.
- **Inicio previsto das plantacións:** entre novembro de 2025 e decembro de 2025.

Máis información

Se tes dúbidas acerca desta convocatoria, por favor, escríbenos a:
info@fundacionmariajosejove.org

Centro de Arte FMJJ

Colabora:



AXENCIA GALEGA
DA CALIDADE
ALIMENTARIA

CFEA GUÍSAMO

Co apoio de:

Carasso
Daniel & Nina